

Consumo das familias

Ano 2003

Santiago de Compostela, 2004

Instituto Galego de Estatística
Complejo administrativo San Lázaro
San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Tfno: 981-541589 (de 9 a 14 horas)
Fax: 981-541323
e-mail: ige@xunta.es
<http://www.ige.xunta.es>

Elaboración
Instituto Galego de Estatística

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Facenda

Colección
Área de estatísticas sociais

Dep. legal

Deseño da portada
Permuy asociados

Tiraxe
250 exemplares

Índice

1. Telefonía	5
2. Electricidade, auga e gas/gasóleo	11
3. Seguro do fogar e comunidade.....	13
4. Aluguer e hipoteca	14
5. Servizo doméstico e persoal para o coidado de persoas dependentes.....	19

Introdución

Consumo das familias é unha operación estatística que realiza o Instituto Galego de Estatística, derivada da *Enquisa de condicións de vida das familias*, e que complementa a información que ofrece o IGE dentro do marco da información sobre o benestar social.

A estrutura da *Enquisa de condicións de vida das familias* diferénciase claramente en dúas partes, cada unha cun método de recollida de información distinto.

A información da primeira parte é obtida mediante entrevista persoal presencial utilizando para iso o cuestionario xeral, mentres que para a segunda parte o método de recollida é que todos os membros do fogar cubran persoalmente un cuestionario especialmente deseñado para ese fin. Os gastos dos fogares recóllense no primeiro cuestionario.

Neste folleto proporciónase información sobre determinados gastos do fogar, sobre todo aqueles que teñen un carácter regular e que supoñen unha carga mensual fixa para os fogares.

Así, incluímos gastos en telefonía móbil e fixa, auga, electricidade, gas/gasóleo, comunidade, aluguer, hipoteca, seguro do fogar, servizo doméstico (que inclúe o coidado de nenos) e persoal para o coidado de persoas dependentes.

Os gastos considerados son relativos á vivenda principal do fogar, non tendo en conta aqueles referentes a vivendas secundarias ou de temporada.

Do mesmo xeito só se considerarán gastos os do fogar e non os relativos a negocios, aínda que veñan no mesmo recibo.

Para o cálculo de gastos medios mensuais e intervalo de gastos mensuais só se consideran os fogares que teñen gasto.

Á parte do gasto mensual analízase a porcentaxe de fogares que teñen cada un deses gastos e a súa relación coa tipoloxía do fogar e os ingresos do fogar.

A *Enquisa de condicións de vida das familias* proporciona información cun nivel de desagregación xeográfica por debaixo da provincia. Para poder acometer ese fin, agrupáronse as distintas comarcas de Galicia nas seguintes áreas:

A Coruña	
Área A	A Coruña oriental
Área B	A Coruña occidental
Área C	Comarca de Santiago
Área D	Comarca da Coruña
Área E	Comarca de Ferrol
Lugo	
Área A	Lugo sur
Área B	Comarca de Lugo
Área C	Lugo norte
Ourense	
Área A	Resto das comarcas
Área B	Comarca de Ourense
Pontevedra	
Área A	Pontevedra occidental
Área B	Pontevedra oriental
Área C	Comarca de Pontevedra
Área D	Comarca de Vigo

1. Telefonía

1.1. Telefonía móbil

Neste epígrafe, cando nos referimos a fogares con gasto en telefonía móbil, estamos considerando os fogares nos que algún dos seus membros tivo gasto en móbil. Así mesmo, inclúense como gastos do fogar os gastos agregados de todos os seus membros.

1.1.1. Porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil

O 66,28% dos fogares galegos teñen gasto en telefonía móbil no ano 2003, o que supón un incremento con respecto ó ano 2002 no que a porcentaxe era do 60,00%. Este incremento pódese observar nas catro provincias galegas. Pontevedra segue a ser a provincia que presenta a porcentaxe maior cun 69,39% de fogares con gasto no ano 2003 e Ourense a menor cun 58,49% (aínda que é a provincia que experimenta a maior subida).

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA MÓBIL		
	2002	2003
A Coruña	61,55	68,71
Lugo	56,31	58,95
Ourense	50,20	58,49
Pontevedra	63,67	69,39
Galicia	60,00	66,28

Fonte: IGE

Se analizamos a porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil por áreas, na provincia da Coruña aumenta en todas, agás na área E que se mantén case igual. A maior porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil sitúase na área C

(comarca de Santiago) cun 76,53% no ano 2003 e un 72,23% no ano 2002.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA MÓBIL. A CORUÑA		
	2002	2003
Área A	55,29	62,90
Área B	52,00	64,40
Área C	72,23	76,53
Área D	66,01	73,25
Área E	64,66	64,65
A Coruña	61,55	68,71

Fonte: IGE

Na provincia de Lugo é a área B (comarca de Lugo) a que ten a porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil máis alta cun 66,79% no ano 2003. Esta tamén era a área que tiña a porcentaxe maior no ano 2002 cun 64,84%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA MÓBIL. LUGO		
	2002	2003
Área A	52,01	48,16
Área B	64,84	66,79
Área C	53,26	62,58
Lugo	56,31	58,95

Fonte: IGE

En Ourense destaca no ano 2003 a subida da porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil na área B (comarca de Ourense) cun 70,89% fronte ó 59,62% do ano 2002.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA MÓBIL. OURENSE		
	2002	2003
Área A	43,92	50,42
Área B	59,62	70,89
Ourense	50,20	58,49

Fonte: IGE

Pontevedra ten a maior porcentaxe de fogares con gasto en móbil na área C (comarca de Pontevedra) tanto en 2003 cun 72,09% coma no ano 2002 cun 66,65%, mentres que é a área B (Pontevedra oriental) a que ten a menor cun 59,30% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA MÓBIL. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	61,78	69,54
Área B	55,41	59,30
Área C	66,65	72,09
Área D	66,56	71,85
Pontevedra	63,67	69,39

Fonte: IGE

1.1.2. Porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil segundo a tipoloxía do fogar

No ano 2003 prodúcese un aumento da porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil calquera que sexa o tipo de fogar considerado. O 90,20% dos fogares galegos do tipo parella con fillos teñen gasto en telefonía móbil, mentres que só o 25,37% dos fogares unipersoais galegos teñen o dito gasto no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA MÓBIL SEGUNDO A TIPOLOXÍA DO FOGAR. GALICIA		
	2002	2003
Unipersoal	17,12	25,37
Sen núcleo (máis dunha persoa)	50,03	51,64
Parella con fillos	83,95	90,20
Parella sen fillos	32,75	44,01
Monoparental	67,89	74,79
Un núcleo e outros	77,47	81,31
Varios núcleos	84,32	88,05

Fonte: IGE

1.1.3. Gasto medio mensual do fogar en telefonía móbil

O gasto medio do fogar en telefonía móbil é de 33,28 € mensuais no ano 2003, superior ó do ano 2002 que era de 31,41 €. O maior gasto medio corresponde á provincia de Ourense, 36,70 €, a pesar de ter unha baixa porcentaxe de fogares que teñen gasto en telefonía móbil. Destaca a diminución do gasto medio na provincia de Lugo, que pasa de 38,32 € no ano 2002 a 32,79 € en 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA MÓBIL		
	2002	2003
A Coruña	30,03	32,94
Lugo	38,32	32,79
Ourense	33,10	36,70
Pontevedra	30,05	32,69
Galicia	31,41	33,28

Fonte: IGE

Na provincia da Coruña, o maior gasto medio no ano 2003 é o da área C con 35,76 € (área que presenta a maior porcentaxe de fogares con gasto en telefonía móbil), mentres que o menor gasto medio é o da área E con 30,45 €. O gasto medio aumentou en todas as áreas da Coruña con respecto ó ano 2002.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA MÓBIL. A CORUÑA		
	2002	2003
Área A	27,36	34,20
Área B	33,73	34,16
Área C	33,52	35,76
Área D	29,10	31,65
Área E	26,29	30,45
A Coruña	30,03	32,94

Fonte: IGE

En Lugo, o maior gasto medio mensual en telefonía móbil no ano 2003 é, coma no ano 2002, o da área A con 36,26 €, mentres que a que ten o menor gasto é a área B con 29,64 €. No ano 2002 a área de Lugo con menor gasto era a área C.

Nas tres áreas da provincia de Lugo diminúe o gasto medio no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA MÓBIL. LUGO		
	2002	2003
Área A	40,32	36,26
Área B	39,19	29,64
Área C	35,48	33,13
Lugo	38,32	32,79

Fonte: IGE

Ourense presenta o maior gasto medio mensual na área A con 39,45 € no ano 2003 fronte a 34,83 € no ano 2002. A área B tamén presenta un aumento do gasto, pasando de 31,20 € a 33,68 € no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA MÓBIL. OURENSE		
	2002	2003
Área A	34,83	39,45
Área B	31,20	33,68
Ourense	33,10	36,70

Fonte: IGE

Na provincia de Pontevedra destaca o descenso do gasto medio mensual na área C no ano 2003 con 24,95 €, que a sitúa como a área con menor gasto medio mensual de Galicia. O maior gasto medio é o da área A con 36,75 € no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA MÓBIL. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	26,70	36,75
Área B	31,70	33,22
Área C	36,57	24,95
Área D	29,74	32,30
Pontevedra	30,05	32,69

Fonte: IGE

1.2. Telefonía fixa

1.2.1. Porcentaxe de fogares con gasto en telefonía fixa

O 84,89% dos fogares galegos teñen gasto en telefonía fixa no ano 2003, o que supón unha diminución con respecto ó ano 2002 no que a porcentaxe era do 86,20%. Lugo é a provincia que ten a maior porcentaxe cun 86,67% no ano 2003, superior á do ano 2002 que era do 85,09%. Tamén aumenta a porcentaxe de fogares con gasto en telefonía fixa en Ourense, mentres que diminúe na Coruña e Pontevedra cun 83,98% e un 85,49%, respectivamente, no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA FIXA		
	2002	2003
A Coruña	86,97	83,98
Lugo	85,09	86,67
Ourense	83,94	84,48
Pontevedra	86,64	85,49
Galicia	86,20	84,89

Fonte: IGE

Como se pode apreciar, as diferenzas provinciais non foron tan acentuadas como no caso da telefonía móbil. A diferenza entre elas non chega a tres puntos porcentuais, mentres que no caso do móbil é de preto de once puntos. Tamén podemos observar unha redución das

diferenzas provinciais no ano 2003 con respecto ó ano 2002 tanto no caso da telefonía fixa coma na telefonía móbil.

Considerando os resultados por áreas, a maior porcentaxe de fogares con gasto en telefonía fixa na provincia da Coruña corresponde á área D para os dous anos considerados, o 87,58% no ano 2003 e o 90,10% no ano 2002. A menor porcentaxe no ano 2003 é a da área B cun 78,32%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA FIXA. A CORUÑA		
	2002	2003
Área A	80,66	83,00
Área B	85,29	78,32
Área C	86,94	83,30
Área D	90,10	87,58
Área E	88,87	86,38
A Coruña	86,97	83,98

Fonte: IGE

Lugo ten no ano 2003 unha porcentaxe de fogares con gasto en telefonía fixa superior ó do ano 2002 en todas as áreas, sendo a maior a da área B cun 87,91% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA FIXA. LUGO		
	2002	2003
Área A	82,95	86,14
Área B	87,69	87,91
Área C	84,98	86,10
Lugo	85,09	86,67

Fonte: IGE

Na provincia de Ourense, as porcentaxes das dúas áreas tenden a aproximarse no ano 2003 aumentando no caso da área A, cun 84,88%, e diminuíndo na área B, cun 83,87%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA FIXA. OURENSE		
	2002	2003
Área A	81,34	84,88
Área B	87,84	83,87
Ourense	83,94	84,48

Fonte: IGE

A área B de Pontevedra ten un leve aumento con respecto ó ano 2002, aínda que segue a ser a menor da provincia cun 80,86%. Nas restantes áreas descende a porcentaxe de fogares con gasto en telefonía fixa con respecto ó ano 2002.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA FIXA. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	86,38	83,69
Área B	80,33	80,86
Área C	88,87	88,63
Área D	88,20	87,19
Pontevedra	86,64	85,49

Fonte: IGE

1.2.2. Porcentaxe de fogares con gasto en telefonía fixa segundo a tipoloxía do fogar

No ano 2003, o 96,29% dos fogares galegos clasificados como varios núcleos teñen gasto en telefonía fixa fronte ó 73,04% dos fogares unipersoais, sendo en ambos os dous casos as porcentaxes superiores ás do ano 2002, que eran do 95,91% e do 72,05%, respectivamente. A porcentaxe de fogares con gasto en telefonía fixa diminúe no ano 2003 nas tipoloxías parella con fillos, parella sen fillos e monoparental, a diferenza do que sucede coa telefonía móbil, na que a porcentaxe de fogares con gasto no ano 2003 é superior á do ano 2002 en todas as tipoloxías.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN TELEFONÍA FIXA SEGUNDO A TIPOLOXÍA DO FOGAR. GALICIA

	2002	2003
Unipersoal	72,05	73,04
Sen núcleo (máis dunha persoa)	75,86	76,94
Parella con fillos	89,97	86,94
Parella sen fillos	90,57	89,61
Monoparental	87,13	84,50
Un núcleo e outros	92,42	92,88
Varios núcleos	95,91	96,29

Fonte: IGE

1.2.3. Gasto medio mensual do fogar en telefonía fixa

O gasto medio mensual do fogar galego en telefonía fixa é de 29,30 € no ano 2003, o que supón unha subida con respecto ó ano 2002. Como xa sucedía no ano 2002, Pontevedra é a provincia que ten o gasto maior, 29,99 € no ano 2003 polos 29,22 € no ano 2002, mentres que Ourense ten o menor, 27,70 € no ano 2003 e 26,27 € no ano 2002. Comparando estes resultados cos de telefonía móbil, os gastos medios son maiores para o móbil, aínda que a porcentaxe de fogares con gasto é maior para a telefonía fixa.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA FIXA

	2002	2003
A Coruña	28,02	29,22
Lugo	28,99	29,51
Ourense	26,27	27,70
Pontevedra	29,22	29,99
Galicia	28,30	29,30

Fonte: IGE

Se analizamos os datos por áreas, na provincia da Coruña a subida do gasto medio mensual en telefonía fixa prodúcese en todas as áreas, sendo a área C a que ten o gasto medio máis alto con 32,07 €

mensuais e a área A a que ten o gasto menor con 26,66 € no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA FIXA. A CORUÑA

	2002	2003
Área A	25,38	26,66
Área B	28,11	29,61
Área C	29,78	32,07
Área D	28,78	29,60
Área E	27,09	27,86
A Coruña	28,02	29,22

Fonte: IGE

No caso de Lugo destaca a diminución do gasto medio mensual na área B, que pasa de 30,51 € no ano 2002 a 29,32 € no ano 2003. O gasto medio en telefonía fixa tende a igualarse nas tres áreas de Lugo no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA FIXA. LUGO

	2002	2003
Área A	26,93	29,32
Área B	30,51	29,32
Área C	29,63	29,86
Lugo	28,99	29,51

Fonte: IGE

O gasto medio mensual en telefonía fixa aumenta nas dúas áreas de Ourense, aínda que o aumento é maior na área A, reducíndose as diferenzas entre as áreas no ano 2003 con respecto ó ano 2002.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA FIXA. OURENSE

	2002	2003
Área A	25,40	27,27
Área B	27,49	28,36
Ourense	26,27	27,70

Fonte: IGE

No ano 2003, as áreas C e D de Pontevedra son as que experimentan a maior subida no gasto medio mensual, mentres que as áreas A e B apenas varían con respecto a 2002. O maior gasto medio mensual é o da área C con 32,03 € e o menor o da área B con 27,16 € no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN TELEFONÍA FIXA. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	29,13	29,35
Área B	27,15	27,16
Área C	29,37	32,03
Área D	29,82	30,65
Pontevedra	29,22	29,99

Fonte: IGE

2. Electricidade, auga e gas/gasóleo

2.1. Electricidade

2.1.1. Gasto medio mensual do fogar en electricidade

O gasto medio mensual do fogar en electricidade é de 29,91 € no ano 2003 fronte ós 29,33 € do ano 2002. A subida do gasto medio prodúcese en todas as provincias, agás na Coruña que é lixeiramente inferior. Pontevedra é a provincia que ten o gasto medio maior con 30,77 € no ano 2003 e Ourense o menor con 28,17 €.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ELECTRICIDADE		
	2002	2003
A Coruña	30,16	30,06
Lugo	27,70	29,11
Ourense	27,29	28,17
Pontevedra	29,80	30,77
Galicia	29,33	29,91

Fonte: IGE

2.2. Auga

2.2.1. Porcentaxe de fogares con gasto en auga

No ano 2003, o 65,74% dos fogares galegos teñen gasto en auga. A porcentaxe é superior á do ano 2002, que era do 63,68%, aínda que segue sendo baixa debido sobre todo a dous motivos. Existe unha alta porcentaxe de fogares que teñen pozos e consomen a auga procedente deles, e unha parte dos concellos galegos non cobran a auga da traída, sobre todo en concellos pequenos.

Este feito tamén explica a baixa porcentaxe de fogares con gasto en auga na provincia de Lugo, concretamente o 58,27% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN AUGA		
	2002	2003
A Coruña	65,88	68,79
Lugo	52,10	58,27
Ourense	66,35	69,85
Pontevedra	64,49	63,17
Galicia	63,68	65,74

Fonte: IGE

2.2.2. Gasto medio mensual do fogar en auga

O gasto medio mensual do fogar galego en auga é de 11,09 € no ano 2003, lixeiramente superior ó do ano 2002 que era de 10,59 €.

Por provincias, Ourense é no ano 2003 a que ten o gasto medio menor, 9,07 € mensuais, e Pontevedra o maior, 11,84 € ó mes.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN AUGA		
	2002	2003
A Coruña	11,44	11,18
Lugo	10,78	11,20
Ourense	6,80	9,07
Pontevedra	11,07	11,84
Galicia	10,59	11,09

Fonte: IGE

2.3. Gas/gasóleo

2.3.1. Porcentaxe de fogares con gasto en gas/gasóleo

A porcentaxe de fogares con gasto en gas/gasóleo é lixeiramente inferior no ano 2003, o 90,56% fronte ó 91,71% no ano 2002, destacando sobre todo a diminución da provincia de Lugo que pasa do 95,40% no ano 2002 ó 91,68% no ano 2003.

Ourense é a única provincia na que se produce un aumento da porcentaxe de fogares con gasto en gas/gasóleo no ano 2003 (91,69 %) con respecto ó 2002 (90,23%).

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN GAS/GASÓLEO		
	2002	2003
A Coruña	91,83	89,73
Lugo	95,40	91,68
Ourense	90,23	91,69
Pontevedra	90,69	90,69
Galicia	91,71	90,56

Fonte: IGE

2.3.2. Gasto medio mensual do fogar en gas/gasóleo

O gasto medio do fogar galego en gas/gasóleo é de 25,23 € mensuais no ano 2003, o que supón unha subida con respecto ó ano 2002 que era de 24,40 € mensuais.

No ano 2003, a provincia de Ourense segue a ser a que ten o maior gasto medio con 29,84 €, mentres que a que tivo o menor pasa a ser Pontevedra con 22,12 € mensuais, sendo esta a única provincia na que diminúe o gasto medio mensual con respecto ó ano 2002.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN GAS/GASÓLEO		
	2002	2003
A Coruña	23,08	25,64
Lugo	25,73	26,80
Ourense	28,01	29,84
Pontevedra	24,01	22,12
Galicia	24,40	25,23

Fonte: IGE

3. Seguro do fogar e comunidade

3.1. Seguro do fogar

3.1.1. Porcentaxe de fogares con gasto en seguro do fogar

O 43,07% dos fogares galegos teñen gasto en seguro do fogar no ano 2003. As porcentaxes son superiores ás do ano 2002 en todas as provincias, agás Lugo, e varían desde o 47,06% de Pontevedra, que é a provincia que ten a porcentaxe máis alta, ata o 39,39% de Ourense.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN SEGURO DO FOGAR		
	2002	2003
A Coruña	37,07	41,66
Lugo	41,75	41,47
Ourense	38,27	39,39
Pontevedra	43,28	47,06
Galicia	39,85	43,07

Fonte: IGE

3.2. Comunidade

3.2.1. Porcentaxe de fogares con gasto en comunidade

A porcentaxe de fogares galegos con gasto en comunidade no ano 2003 é do 33,54%, algo superior á do ano 2002 que era do 32,77%.

A Coruña é a provincia que ten a maior porcentaxe cun 38,22%, mentres que Lugo cun 21,28% ten a menor no ano 2003. É destacable a diferenza existente entre Lugo e Ourense por un lado coa Coruña e Pontevedra polo outro.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN COMUNIDADE		
	2002	2003
A Coruña	36,23	38,22
Lugo	25,48	21,28
Ourense	28,31	28,39
Pontevedra	33,21	34,66
Galicia	32,77	33,54

Fonte: IGE

3.2.2. Gasto medio mensual do fogar en comunidade

O gasto medio mensual en comunidade dos fogares galegos é de 33,19 € no ano 2003 fronte ós 32,61 € de 2002.

A diferenza entre as provincias galegas é acentuada, sendo en Pontevedra o gasto máis elevado con 40,45 € mensuais no ano 2003.

Pola contra A Coruña ten o menor gasto medio con 28,35 € igual que Ourense.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN COMUNIDADE		
	2002	2003
A Coruña	27,83	28,35
Lugo	27,74	38,15
Ourense	34,71	28,35
Pontevedra	40,02	40,45
Galicia	32,61	33,19

Fonte: IGE

4. Aluguer e hipoteca

4.1. Aluguer

4.1.1. Porcentaxe de fogares con gasto en aluguer

O 9,60% dos fogares galegos teñen gasto en aluguer no ano 2003 fronte ó 10,29% do ano 2002. No tocante ás provincias, A Coruña é a única na que aumenta a porcentaxe de fogares con gasto de aluguer, o 11,69% no ano 2003 polo 10,65% no ano 2002, sendo tamén A Coruña a que presenta a maior porcentaxe. A menor porcentaxe corresponde a Lugo cun 6,55% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN ALUGUER		
	2002	2003
A Coruña	10,65	11,69
Lugo	9,30	6,55
Ourense	8,36	6,88
Pontevedra	11,05	9,28
Galicia	10,29	9,60

Fonte: IGE

Considerando os datos por áreas, na provincia da Coruña apreciamos diferenzas significativas, sendo a área C a que presenta a porcentaxe de fogares con gasto en aluguer máis elevada no ano 2003 cun 17,16%, mentres que a área B ten a porcentaxe máis baixa cun 5,02%. Con respecto ó ano 2002 diminúe a porcentaxe de fogares con gasto na área D, que pasa do 17,17% no ano 2002 ó 14,55% en 2003, mentres que no resto das áreas aumenta a porcentaxe destacando a subida da área C, o 17,16% no ano 2003 fronte ó 9,84% do ano 2002.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN ALUGUER. A CORUÑA		
	2002	2003
Área A	5,58	7,67
Área B	3,74	5,02
Área C	9,84	17,16
Área D	17,17	14,55
Área E	13,07	15,13
A Coruña	10,65	11,69

Fonte: IGE

Na provincia de Lugo as diferenzas entre áreas son inferiores no ano 2003 ás que se observaban no ano 2002. A maior porcentaxe de fogares con gasto en aluguer é a da área B cun 7,86% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN ALUGUER. LUGO		
	2002	2003
Área A	4,31	5,53
Área B	12,34	7,86
Área C	11,62	6,41
Lugo	9,30	6,55

Fonte: IGE

No caso de Ourense redúcese a porcentaxe de fogares con gasto en aluguer tanto na área A coma na área B. Destaca a reducida porcentaxe da área A cun 2,64% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN ALUGUER. OURENSE		
	2002	2003
Área A	4,58	2,64
Área B	14,03	13,40
Ourense	8,36	6,88

Fonte: IGE

As diferenzas entre as distintas áreas da provincia de Pontevedra son bastante elevadas, sendo a área D a de maior

porcentaxe no ano 2003 cun 15,17% e a área B a que ten a menor porcentaxe cun 0,67%, a máis baixa de Galicia no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN ALUGUER. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	4,15	5,90
Área B	3,52	0,67
Área C	9,11	4,35
Área D	17,65	15,17
Pontevedra	11,05	9,28

Fonte: IGE

4.1.2. Gasto medio mensual do fogar en alugueiro

O gasto medio mensual do fogar en aluguer no ano 2003 é para Galicia de 179,55 €; isto supón unha subida con respecto ó ano 2002 para o conxunto de Galicia, aínda que por provincias a situación varía, aumentando o gasto medio en Lugo e Pontevedra e diminuíndo en Ourense e A Coruña. Neste gasto é moi evidente a diferenza entre as provincias galegas, sendo Lugo a que ten o menor gasto medio con 144,73 € e Pontevedra a que ten o maior con 207,01 € mensuais no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER		
	2002	2003
A Coruña	172,59	169,67
Lugo	103,03	144,73
Ourense	182,80	174,91
Pontevedra	189,00	207,01
Galicia	171,12	179,55

Fonte: IGE

Por áreas as diferenzas son significativas, variando no caso da Coruña desde os 89,82 € mensuais na área E ata os 256,49

€ mensuais da área C no ano 2003. Con respecto ó ano 2002, aumenta o gasto medio en aluguer nas áreas B, C e D.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER. A CORUÑA		
	2002	2003
Área A	105,07	90,78
Área B	142,11	150,22
Área C	251,24	256,49
Área D	183,73	192,70
Área E	134,85	89,82
A Coruña	172,59	169,67

Fonte: IGE

No ano 2003 diminúe o gasto medio mensual en aluguer na área A de Lugo, 104,77 € en 2003 fronte ós 165,99 € do ano 2002. Por outra banda, aumenta na área B con 184,79 € mensuais no ano 2003 polos 123,91 € do ano 2002, e tamén na área C, 135,52 € mensuais no ano 2003 e 61,17 € en 2002.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER. LUGO		
	2002	2003
Área A	165,99	104,77
Área B	123,91	184,79
Área C	61,17	135,52
Lugo	103,03	144,73

Fonte: IGE

Na área B de Ourense o gasto medio en aluguer baixa no ano 2003, sendo de 186,23 € mensuais, mentres que a área A se mantén en termos similares ós do ano 2002.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER. OURENSE		
	2002	2003
Área A	137,21	137,62
Área B	205,12	186,23
Ourense	182,80	174,91

Fonte: IGE

En Pontevedra, o maior gasto medio en aluguer no ano 2003 é o da área D con 218,92 € mensuais e o menor o da área A que é de 167,32 €.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN ALUGUER. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	145,30	167,32
Área B	223,49	172,61
Área C	195,57	167,94
Área D	191,66	218,92
Pontevedra	189,00	207,01

Fonte: IGE

4.1.3. Porcentaxe de ingresos do fogar investidos en aluguer

No ano 2003, os fogares galegos que teñen aluguer invisten o 13,44% dos seus ingresos no seu pagamento, mentres que no ano 2002 esta porcentaxe era do 12,84%. Por provincias destaca a subida de Ourense que, cunha porcentaxe do 16,34%, pasa a ser no ano 2003 a provincia que maior porcentaxe dos ingresos destina ó pagamento do aluguer, mentres que Lugo é a que destina a menor cun 11,60%.

PORCENTAXE DOS INGRESOS INVERTIDOS EN ALUGUER	
	2002
A Coruña	13,63
Lugo	8,24
Ourense	12,27
Pontevedra	13,57
Galicia	12,84

Fonte: IGE

4.2. Hipoteca

4.2.1. Porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca

O 16,53% dos fogares galegos teñen gasto en hipoteca no ano 2003, porcentaxe maior cá do ano 2002, que era do 15,26%, e tamén superior á dos fogares que teñen gasto en aluguer.

Novamente pódense apreciar as diferenzas entre as provincias galegas, sendo Pontevedra e A Coruña as que teñen unhas porcentaxes maiores comparadas coas de Lugo e Ourense, tanto no ano 2002 coma en 2003. En todas as provincias a porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca é maior cá de fogares con gasto en aluguer.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN HIPOTECA		
	2002	2003
A Coruña	15,61	18,18
Lugo	11,88	8,77
Ourense	10,87	10,40
Pontevedra	18,05	20,13
Galicia	15,26	16,53

Fonte: IGE

A área D da Coruña ten a maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca cun 27,36% no ano 2003, superior á do ano 2002 que era do 23,52%. A menor porcentaxe é a da área A cun 9,85% en 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN HIPOTECA. A CORUÑA		
	2002	2003
Área A	6,60	9,85
Área B	6,90	10,75
Área C	20,25	19,33
Área D	23,52	27,36
Área E	17,30	16,55
A Coruña	15,61	18,18

Fonte: IGE

En Lugo, a área B segue a ser no ano 2003 a que ten a maior porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca cun 12,64%, aínda que diminúe con respecto ó ano 2002 que era do 20,42%. A menor porcentaxe é a da área A cun 5,87% no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN HIPOTECA. LUGO		
	2002	2003
Área A	4,48	5,87
Área B	20,42	12,64
Área C	11,86	8,23
Lugo	11,88	8,77

Fonte: IGE

No caso de Ourense, no ano 2003 a porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca é maior na área B cun 13,42%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN HIPOTECA. OURENSE		
	2002	2003
Área A	7,50	8,43
Área B	15,93	13,42
Ourense	10,87	10,40

Fonte: IGE

En Pontevedra, a porcentaxe de fogares con gasto en hipoteca varía no ano 2003 desde o 24,42% da área D ata o 12,68% da área B.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN HIPOTECA. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	13,68	16,92
Área B	11,94	12,68
Área C	22,34	19,68
Área D	21,32	24,42
Pontevedra	18,05	20,13

Fonte: IGE

4.2.2. Gasto medio mensual do fogar en hipoteca

O gasto medio mensual do fogar en hipoteca é de 342,56 € no ano 2003, o que supón un aumento con respecto ó ano 2002 que era de 318,43 €. A provincia que ten o menor gasto medio no ano 2003 é Lugo con 250,79 €, que reduce o gasto medio con respecto ó ano 2002. Pola contra, A Coruña tivo o maior gasto medio con 373,89 € mensuais.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA		
	2002	2003
A Coruña	313,68	373,89
Lugo	291,76	250,79
Ourense	285,29	300,93
Pontevedra	339,26	331,47
Galicia	318,43	342,56

Fonte: IGE

Analizando os datos por áreas, na provincia da Coruña no ano 2003 o gasto medio maior é o da área C con 451,68 € como tamén sucedía no ano 2002 con 357,33 €. O gasto menor é o da área E con 282,94 € mensuais. O gasto medio en hipoteca aumentou en todas as áreas con respecto ó ano 2002.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA. A CORUÑA		
	2002	2003
Área A	333,44	342,23
Área B	251,00	303,07
Área C	357,33	451,68
Área D	334,20	403,86
Área E	245,79	282,94
A Coruña	313,68	373,89

Fonte: IGE

En Lugo diminúe o gasto medio mensual en todas as áreas no ano 2003, sendo o menor o correspondente á área A con 168,28 € e o maior o gasto da área B con 281,05 €.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA. LUGO		
	2002	2003
Área A	254,61	168,28
Área B	292,85	281,05
Área C	303,94	267,49
Lugo	291,76	250,79

Fonte: IGE

Na área A de Ourense o gasto medio en hipoteca aumentou de 214,59 € no ano 2002 a 311,71 € no ano 2003. Por outra banda, na área B diminuíu pasando de 335,21 € no ano 2002 a 290,52 € en 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA. OURENSE		
	2002	2003
Área A	214,59	311,71
Área B	335,21	290,52
Ourense	285,29	300,93

Fonte: IGE

Pontevedra presenta no ano 2003 un aumento do gasto medio en hipoteca na área D, mentres que nas restantes áreas o gasto é inferior ó do ano 2002. O gasto varía desde os 281,51 € da área A ata os 351,04 € da área D.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN HIPOTECA. PONTEVEDRA		
	2002	2003
Área A	298,39	281,51
Área B	326,88	319,80
Área C	390,44	339,91
Área D	342,84	351,04
Pontevedra	339,26	331,47

Fonte: IGE

4.2.3. Porcentaxe de ingresos do fogar investidos en hipoteca

No ano 2003 os fogares galegos que teñen hipoteca invisten o 16,79% dos seus ingresos no seu pagamento, porcentaxe lixeiramente superior á do ano 2002. Por provincias, a maior porcentaxe dáse na Coruña cun 17,61% fronte ó 16,83% do ano 2002 e a menor en Lugo cun 13,63% no ano 2003.

PORCENTAXE DE INGRESOS INVESTIDOS EN HIPOTECA		
	2002	2003
A Coruña	16,83	17,61
Lugo	15,65	13,63
Ourense	13,73	16,48
Pontevedra	16,65	16,36
Galicia	16,33	16,79

Fonte: IGE

5. Servizo doméstico e persoal para o coidado de persoas dependentes

5.1. Servizo doméstico

5.1.1. Porcentaxe de fogares con gasto en servizo doméstico

O 7,70% dos fogares galegos teñen gasto en servizo doméstico no ano 2003 polo 7,59% do ano 2002. Por provincias, Lugo ten a porcentaxe máis elevada, mentres que Ourense ten a máis baixa, cun 8,20% e un 6,82%, respectivamente, no ano 2003.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN SERVIZO DOMÉSTICO		
	2002	2003
A Coruña	7,04	7,53
Lugo	6,73	8,20
Ourense	7,64	6,82
Pontevedra	8,63	8,09
Galicia	7,59	7,70

Fonte: IGE

5.1.2. Porcentaxe de fogares con gasto en servizo doméstico segundo a tipoloxía do fogar

Analizando as porcentaxes de fogares con gasto en servizo doméstico segundo a tipoloxía do fogar, para Galicia son os fogares clasificados na tipoloxía sen núcleo (máis dunha persoa) os que teñen a maior porcentaxe cun 11,40%.

Pola contra, os fogares clasificados como outro tipo (un núcleo e outros e varios núcleos) son os que presentan a menor porcentaxe cun 3,80%.

Tamén é destacable o aumento da porcentaxe de fogares clasificados como

parella sen fillos no ano 2003 cun 8,37% fronte ó ano 2002 que era do 4,87%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN SERVIZO DOMÉSTICO SEGUNDO A TIPOLOXÍA DO FOGAR. GALICIA		
	2002	2003
Unipersoal	11,55	8,89
Sen núcleo (máis dunha persoa)	8,61	11,40
Parella con fillos	7,33	8,69
Parella sen fillos	4,87	8,37
Monoparental	8,31	4,97
Outro tipo	4,31	3,80

Fonte: IGE

5.1.3. Gasto medio mensual do fogar en servizo doméstico

O gasto medio mensual do fogar en servizo doméstico no ano 2003 é para Galicia de 201,41 €, algo superior ó do ano 2002, 174,03 €.

A subida do gasto medio con respecto ó ano 2002 ten lugar en todas as provincias, variando desde os 174,48 € mensuais de Ourense ata os 210,72 € da Coruña no ano 2003.

GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN SERVIZO DOMÉSTICO		
	2002	2003
A Coruña	180,73	210,72
Lugo	153,70	191,95
Ourense	172,93	174,48
Pontevedra	173,94	203,62
Galicia	174,03	201,41

Fonte: IGE

5.2. Persoal para o coidado de persoas dependentes

5.2.1. *Porcentaxe de fogares con gasto en persoal para o coidado de persoas dependentes*

No ano 2003 o 0,61% dos fogares galegos teñen gasto en persoal para o coidado de persoas dependentes, mentres que esta porcentaxe era do 1,32% no ano 2002. Lugo é a provincia que presenta a maior porcentaxe cun 1,42%.

PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN PERSOAL PARA O COIDADO DE PERSOAS DEPENDENTES		
	2002	2003
A Coruña	1,36	0,71
Lugo	1,70	1,42
Ourense	1,19	0,52
Pontevedra	1,17	0,19
Galicia	1,32	0,61

Fonte: IGE

As definicións dos conceptos utilizados pódense ver na metodoloxía incluída na páxina web.

Máis información na nosa páxina web: <http://www.ige.xunta.es>

Teléfono de información: 981.54.15.89

FAX: 981.54.13.23

e-mail: ige@xunta.es



Enderezo postal:

Instituto Galego de Estatística
Complexo administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)